

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

Boletín Oficial da Provincia da Coruña N° 31. Mércores, 7 de febreiro de 1996.

ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

PORTO DO SON

ANUNCIO Páx. 1070.

Aprobadas definitivamente a creación e modificación das ordenanzas reguladoras das exaccións locais que a continuación se detallan, posto que non se produciron reclamacións contra as mesmas, publícanse integramente, dando cumprimento ó establecido no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

Impostos:

1.- ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Artigo 1.º

1.- De conformidade co previsto no artigo 101 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.- As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións, de todas clases, de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras de edificios, tanto aqueles que modifiquen a súa disposición interior coma o seu aspecto exterior.
- d) Alineacións e rasantes.
- e) Obras de fontanería e alcantarillado.
- f) Obras en cemiterios.
- g) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra urbanística.

Artigo 2.º

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras, sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

Artigo 3.º

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar a base imponible o tipo de gravame.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 5, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS

3.- O tipo de gravame será o 2 por 100 para construcións, instalacións e obras ata 250 m² con un mínimo de 30,05 euros. Para construcións, instalacións e obras de máis de 250 m² será de aplicación o 2,7 por 100.

4.- O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se houbera obtido a correspondente licenza.

Artigo 4.º

1.- Cando se conceda a licenza preceptiva practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2.- A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Artigo 5.º

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así coma nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6.º

En todo o relativo a calificación das infraccións tributarias así coma a determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado pola Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a completan e desenvolven.

Artigo 7.º

No expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 5.ª, da Sección 3.ª, do capítulo II da referida Lei 39/1988, concordantes e complementarios das mesmas, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.